



Expediente númer.: 10/2016

Asunto: 1 posto de arquitecto – Aprol rural 2016

Procedemento: Axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)-Orde 14 de xullo de 2016

Data de iniciación: 5 de outubro de 2016

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA WEB
www.concellodeparamo.es**

Por Resolución de Alcaldía do día 4 de novembro de 2016, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación no Concello de O Páramo, en réxime de persoal laboral temporal, de un posto de arquitecto, a designación de membros do Tribunal, do teor literal seguinte:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO A LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL

Enviado o sondeo do Servizo Público de Emprego-Oficina de Sarria, oferta nº 12-2016-11384, en relación a 1 posto de arquitecto.

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en Resolución de Alcaldía do 21 de outubro de 2016 , e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte relación de aspirantes admintidos e excluídos, dos candidatos participantes no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria de 1 posto de arquitecto.

RELACIÓN DE ASPIRANTES

ADMITIDOS:

- Noara Díaz Rodríguez
- María del Pilar Salvador Potente
- Pablo Serén Casanova
- María Fernández López-Vizcaíno
- María José Pérez González



EXCLUÍDOS:

- Gianfranco Olivieri

SEGUNDO. Neste suposto, en que non é necesario o trámite de emenda do candidato excluído, debido a que non cumpre os requisitos do Artigo 12 da Orde do 14 de xullo de 2016 polo que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural); e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose a relación definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na páxina web www.concellodeparamo.es

TERCEIRO. Visto o establecido na cláusula sexta das bases que regulan este proceso de selección, procédese a designar como membros do tribunal cualificador:

- Presidente: Dª. Mónica Vázquez Fandiño, Empregada pública do Concello de Láncara (Lugo)
- Suplente: D. Marco Antonio García Gavilán Sangil, Empregado público do Concello de O Corgo (Lugo)
- 1º Vogal: D. José López González, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)
- Suplente: Dª. Ana María Rivas García, Empregada pública do Concello de Becerreá (Lugo)
- 2º Vogal: Dª. Alejandra Dolores Fandiño Sánchez, Empregada pública do Concello de Cervantes (Lugo)
- Suplente: Dª. Rosa Buján Ordóñez, Empregada pública do Concello de Curtis (A Coruña)
- 3º Vogal: Dª. Mónica Marras Mosquera, Xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.
- Suplente: D. Pablo Rodríguez Fernández, Arquitecto do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.
- Secretaria: Dª. Begoña Carrasco García, Empregada pública do Concello de O Páramo (Lugo)
- Suplente: D. Rafael Del Barrio Berbel, Empregado público do Concello de Guitiriz (Lugo)

CUARTO. O acto de valoración de méritos e realización do cuestionario tipo test, do sistema de concurso-oposición, realizarase o vindeiro día 10 de novembro de 2016, as 10:00 horas, notifíquese a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

QUINTO. Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos e realización do cuestionario tipo test.

Mándao e asínao o Alcalde, D. Gumersindo Antonio Rodríguez Liz, en O Páramo, a 4 de novembro de 2016; do que, como secretaria, dou fe.



Concello de
O Páramo

Ante min,

A secretaria,

O Alcalde,
P.D. A 1^a Tte. Alcalde

(Decreto de substitución por ausencia 23/05/2016)

Begoña Carrasco García

Begoña González López"

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web www.concelloodeparamo.es, ante o alcalde do Concello de O Páramo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de O Páramo e na súa páxina web www.concelloodeparamo.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

O Páramo, 4 de novembro de 2016.

O alcalde,

P.D. A 1^a Tte. Alcalde

(Decreto de substitución por ausencia 23/05/2016)

Asdo.) Begoña González López